

ECONOMÍA DA EMPRESA

Instrucións: O alumno debe elixir UNHA das dúas opcións e responder a todas as preguntas da opción

OPCIÓN B

1. Responda brevemente as seguintes catro preguntas (1 punto cada pregunta)

- 1.1.- No esquema das forzas competitivas de Porter, explica brevemente que se entende por poder negociador de provedores e como pode afectar este factor á empresa?
- 1.2.- Diferenza entre investimento produtivo e investimento financeiro. Ilustra a resposta cun exemplo.
- 1.3- Diferenza entre estratexias de fusión e adquisición de empresas.
- 1.4.- No marco da mercadotecnia mix, explica brevemente en que consiste a promoción do produto. Pon un exemplo de instrumento de promoción do produto

2. Responda as seguintes dúas cuestións (0,5 ptos cada cuestión)

- 2.1.- Como se denomina a estrutura organizativa baseada na autoridade directa do xefe sobre os subordinados?
- 2.2.- Menciona dúas das funcións básicas da dirección da empresa

3. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

As contas que afectan aos resultados dunha empresa presentan os seguintes saldos ao 31 de decembro (valores expresados en euros):

Intereses de débedas: 5.000	Compras de mercaderías: 230.000	Vendas de mercaderías: 900.500
Saldos e salarios: 200.000	Gastos de publicidade: 12.000	Amortizacións do inmovilizado: 12.000
Cobro de dividendos das accións que posúe a empresa: 13.500		

Pídese:

- 3.1.- Calcular os resultados de explotación e explicar brevemente o significado deste tipo de resultados. (1 pto.)
- 3.2.- Determinar os resultados financeiros e explicar brevemente o significado deste tipo de resultados. (1 pto.)
- 3.3.- Calcular o beneficio antes e despois de impostos (tipo impositivo: 30%). (0,5 ptos.)

4. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

Unha empresa que fabrica teléfonos móbiles soporta uns custos fixos de 50.000 euros e un custo variable unitario de 75 euros. O prezo de venda de cada teléfono móbil é de 100 euros.

Pídese:

- 4.1.- Determinar o punto morto e interpretar o significado do resultado obtido. (1 pto.)
- 4.2.- Representar gráficamente a situación anterior. (1 pto.)
- 4.3.- Se a empresa se vira obrigada a reducir o prezo dos teléfonos un 10 % debido á competencia, como se vería afectado o seu limiar de rendibilidade? Razona a resposta. (0,5 ptos.)